

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE FEBREIRO DE 2021**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2021.	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.2.	Días de chuvia en febreiro de 2021	20
6.3.	Evolución da precipitación en febreiro de 2021	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	28
9	RAIOS	29

Anexos:

Resumo mensual

Calendario de febreiro de temperatura mínima

Calendario de febreiro de temperatura máxima

Calendario de febreiro de precipitación acumulada

Calendario de febreiro de refacho máximo

Data edición: 04/03/2021



Mes de febreiro moi húmido e moi cálido.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de febreiro quedou caracterizado pola continua afectación de borrascas e ventos do suroeste. As borrascas, moi activas en xeral, e a súas fronte asociadas, explican a forte acumulación de precipitación, mentres que os ventos predominantes de sur dan conta das temperaturas suaves.

Así, o mes comezaba cunha das moitas xornadas de ventos de sur, con moita humidade, temperatura suave e chuvias relativamente escasas.

Pero o día 2, unha fronte moi estacionaria deixaba unha xornada de chuvia persistente e de intensidade moderada, acumulándose cantidades de precipitación que nalgúns casos superaron os 100 L/m² en 24 horas.

Os días 3 e 4 quedaron caracterizados pola presenza de aire frío en altura e os chuvascos posteriores a esta fronte, algúns deles o día 3, de forte intensidade, con aparato eléctrico e sarabia.

O día 5 unha baixa localizada no centro da península deixaba chuvascos na metade leste, pero tempo máis seco no oeste, mentres que o 6 foi de transición, á espera da chegada dunha nova fronte o día 7 que deixaba chuvias xeneralizadas a partir do mediodía.

De novo o día 8 quedou cunha situación de tempo cambiante, con chuvascos irregularmente repartidos, para recibir o día 9 visita doutra borrasca moi activa, que trouxo unha xornada de temporal, con ventos e chuvias intensos ao principio do día e unha posterior entrada de aire frío con neve nas zonas de montaña.

O día 10 tivemos outro día de transición xa que agás algún chuvasco ocasional a primeira hora, apenas rexistramos chuvia e a temperatura ascendeu.

Pero o día 11 unha nova fronte moi activa deixaba chuvias xeneralizadas e por momentos de forte intensidade, deixando de novo cantidades moi importantes de chuvia nesa xornada, superándose, ao igual que o día 2, os 100 L/m² en puntos do oeste. Ademais, na Coruña rexistrabamos o récord de chuvia acumulada nun día en febreiro.



Entre os días 12 e 15 tivemos situación intermedias, con ventos predominantes do sur que deixaban algunhas nubes e chuvias febles no oeste. Os ventos do sur deixaron importantes ascensos de temperatura nese período, especialmente os días 14 e 15.

O 16 outra nova fronte deixaba chuva xeneralizada durante a primeira metade do día, quedando a tarde con menos precipitación. Unha situación tranquila que se estendeu ao 17. Pero nas últimas horas desa xornada e na primeira metade do 18 unha fronte activa deixaba de novo avisos por vento e chuva.

Así, o 19 chegaba unha nova borrasca, nomeada como *Karim* que provocaba un forte temporal de vento dende o mediodía do 19 ata as primeiras horas do 20. Ademais do vento as chuvias foron tamén importantes, xa que a borrasca chegaba acompañada dun río atmosférico.

A posterior entrada de aire frío ocasionaba a presenza de neve en cotas por debaixo dos 1000 metros nas primeiras horas do 21.

Os seguintes días do mes foron máis tranquilos. Os días 22 e 23 as altas presións provocaron un descenso das temperaturas, particularmente o 22, pero tamén tempo seco.

Nas últimas horas do 24 e durante a xornada do 25 o achegamento dunha nova borrasca achegaba fortes ventos do sur o 24 e chuvias bastante xeneralizadas o 25.

Os derradeiros 3 días estiveron determinados pola presenza dun anticiclón de bloqueo localizado ao norte da península Ibérica, con tempo seco, moi solleiro e cunha importante suba das temperaturas máximas que en moitos lugares do sur, onde o nordés non chegou a soprar, superaron os 20°C.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Tanto no mapa de anomalía de presión en superficie (Figura 1) como no de altura xeopotencial (Figura 2), apréciase unha forte anomalía negativa de presión situada ao oeste de Irlanda. Isto explica o a gran frecuencia de borrascas que afectaron neste mes a Galicia, así como se pode ver que a compoñente sur-suroeste do vento foi a predominante.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Febreiro-2021.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Febreiro-2021.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	FEBREIRO 2021 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.1/12.8	11.0	14.1 (2006)	5.8 (1956)
Tª mínima media	10.5/10.2	8	10.8 (1990)	2.7 (1956)
Tª mínima absoluta	6.3/6.7 (día 22)	-3.0 (22/02/1948)		
Tª mínima máis alta	15.6/14.9 (día 15)	16.1 (02/02/2020)		
Tª máxima media	15.7/15.4	14.0	17.9 (2008)	9.0 (1956)
Tª máxima absoluta	22.6/22.3 (día 15)	27.4 (28/02/1960)		
Tª máxima máis baixa	11.1/11.1 (día 6)	2.6 (11/02/1956)		
Precipitación acumulada	165	70-98	250 (1979)	10 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	18	12	25 (1963)	3 (1993)

Comentario: Mes moi cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido, o que se reflicte tamén no elevado número de días de chuvia.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2021. Temperatura: 1948-2021.

SANTIAGO

	FEBREIRO 2021	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.5	9.4	11.8 (1998)	7.4 (2018)
Tª mínima media	7.5	5.3	9.0 (1990)	2.8 (2006)
Tª mínima absoluta	0.4 (día 22)	-2.7 (16/02/1983)		
Tª mínima máis alta	11.6 (día 15)	13.8 (03/02/2004)		
Tª máxima media	13.4	13.5	17.6 (1998)	10.5 (2015)
Tª máxima absoluta	20.1 (día 15)	23.0 (25/02/2019)		
Tª máxima máis baixa	9.8 (día 6)	3.6 (04/02/1994)		
Precipitación acumulada	332	149-188	405 (2010)	6 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	19	13	27 (2014)	3 (2004)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas mínimas e medias, mentres que para as máximas o mes resultou normal.

A chuvia acumulada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido no que, o número de días de chuvia tamén foi moi superior ao agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2021. Temperatura: 1982-2021.



LUGO

	FEBREIRO 2021	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.3	7.2	10.2 (2020)	3.5 (1981)
Tª mínima media	5.0	2.5	6.2 (1990)	-1.4 (1981)
Tª mínima absoluta	-0.8 (día 17)	-9.0 (17/02/1983)		
Tª mínima máis alta	10.5 (día 2)	15.0 (28/02/1987)		
Tª máxima media	13.7	11.9	16.2 (2008)	8.0 (1981)
Tª máxima absoluta	20.2 (día 15)	24.1 (23/02/2020)		
Tª máxima máis baixa	8.0 (día 7)	1.4 (20/02/1996)		
Precipitación acumulada	215	61-88	217 (2014)	16 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	17	10	19 (2015)	3 (1988)

Comentario: Mes en xeral moi cálido tendo en conta todas as temperaturas.

A chuvia acumulada foi moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes resultou extremadamente húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2021. Temperatura: 1981-2021.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	FEBREIRO 2021	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.1	10.1	12.8 (2008)	8.2 (1969)
Tª mínima media	8.5	5.1	9.9 (1996)	2.1 (2005)
Tª mínima absoluta	0.9 (día 7)	-5.9 (12/02/2012)		
Tª mínima máis alta	13.2 (día 2)	14.6 (01/02/2020)		
Tª máxima media	15.7	15.2	18.9 (1998)	12.1 (1986)
Tª máxima absoluta	22.2 (día 15)	24.8 (25/02/2000)		
Tª máxima máis baixa	11.1 (día 6)	5.0 (18/02/1981)		
Precipitación acumulada	259	121-170	526 (1979)	4 (2012)
Días de chuvia (≥1mm)	17	12	26 (2014)	2 (2012)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas mínimas e medias, mentres que para as máximas resultou cálido.

A chuvia acumulada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido. Isto tamén se reflicte no elevado número de días de chuvia que presentou este febreiro.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2021. Temperatura: 1958-2021.



OURENSE

	FEBREIRO 2021	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.2	9.3	12.4 (1990)	6.9 (2005)
Tª mínima media	6.3	3.3	8.0 (1990)	-0.6 (2012)
Tª mínima absoluta	0.3 (día 7)	-5.9 (12/02/2012)		
Tª mínima máis alta	13.0 (día 1)	14.4 (11/02/2017)		
Tª máxima media	16.0	15.3	18.9 (2020)	12.1 (1986)
Tª máxima absoluta	21.7 (día 14)	26.1 (23/02/2020)		
Tª máxima máis baixa	8.9 (día 7)	5.0 (18/02/2019)		
Precipitación acumulada	214	54-68	245 (1979)	3 (2005)
Días de chuvia (≥1mm)	16	9	23 (2014)	1 (2012)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas mínimas e medias, mentres que para as máximas o mes resultou normal.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi superior ao valor climático agardado.

Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2021. Temperatura: 1972-2021.

5 TEMPERATURA

As temperaturas foron en media máis elevadas do habitual nun mes de febreiro pola mesma razón que o mes foi tan chuvioso. As borrascas chegaron con ventos do sur, traendo en xeral masas de aire morno e cargados de nubes e humidade, sendo excepcións os días de xeadas ou neve. De feito a maior anomalía témola nos valores mínimos e non é tan acusada nas máximas que quedaron máis preto do normal por mor da frecuencia de días anubrados nos que apenas se rexistraba oscilación térmica.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de febreiro de 2021.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de febreiro para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 3 foi de 14.31 °C. Os valores máis altos rexistráronse en gran parte do litoral e no Miño ourensá, con temperaturas que superaron os 16 °C. As máximas máis baixas déronse na alta montaña ourensá, e nalgúns puntos dos Ancares, onde se acadaron valores que superaron os 2 °C.



5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de febreiro, a partir dos valores do mapa da Figura 4, para o territorio galego foi de 5.72 °C. Os valores máis baixos rexistráronse no macizo de Manzaneda e en Pena Trevinca, con temperaturas medias que non acadaron os -2.0 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse de forma xeneralizada no litoral da Comunidade, destacando as comarcas de Vigo, a Península do Morrazo, a Ría de Arousa e as comarcas de A Coruña e Ortigueira, onde puntualmente se acadaron valores que superaron os 10.9 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de febreiro de 2021.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

O mapa de anomalías de temperatura media mostra un mes de febreiro cálido en xeral, pero destaca o norte e o interior da provincia de Lugo onde a anomalía de temperatura foi superior aos 3.3 °C, na comarca de A Coruña tamén se acadaron valores elevados na anomalía de temperatura media, tal e como se pode apreciar na Figura 5. A anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de +1.85 °C. Houbo tamén zonas normais, principalmente nalgúns locais do sur da Comunidade, con anomalías positivas de tan só +0.3 °C.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de febreiro de 2021 respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse principalmente na comarca de A Coruña e algunhas localidades da provincia de Lugo. As máis baixas (Táboa 2) déronse principalmente na Baixa Limia.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	provincia	anomalía (°C)
Cambre	A Coruña	3.0
Betanzos	A Coruña	2.9
Bergondo	A Coruña	2.9
Negueira de Muñiz	Lugo	2.8
Carballo	A Coruña	2.8
Sarria	Lugo	2.7
Begonte	Lugo	2.7
Abegondo	A Coruña	2.7
Triacastela	Lugo	2.7
Rábade	Lugo	2.6

Táboa 1: Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de febreiro de 2021.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	anomalía (°C)
Lobios	Ourense	0.9
Entrimo	Ourense	0.9
Lobeira	Ourense	0.9
Vilariño de Conso	Ourense	1.0
Esgos	Ourense	1.0
Porto do Son	A Coruña	1.0
Verea	Ourense	1.0
Muros	A Coruña	1.0
Muíños	Ourense	1.1
Gudiña (A)	Ourense	1.1

Táboa 2: Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de febreiro de 2021.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de febreiro de 2021 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada do 15 foi a que presentou as temperaturas máis altas por debaixo dos 1000 m e a do 27 por riba dos 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2021				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
15/02/2021	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	23.7
15/02/2021	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	23.4
26/02/2021	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	23.3
15/02/2021	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	23.2
15/02/2021	Borreiros	VIVEIRO	Lugo	23.2
15/02/2021	Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	22.9
15/02/2021	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	22.7
15/02/2021	Areas	TUI	Pontevedra	22.6
27/02/2021	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	22.6
15/02/2021	Cariño	CARIÑO	A Coruña	22.6

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en febreiro 2021 a unha altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2021				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
27/02/2021	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	16.5
27/02/2021	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	16.3
27/02/2021	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	16.2
27/02/2021	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	16.1
27/02/2021	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	15.0
26/02/2021	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	14.6
27/02/2021	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	14.5
15/02/2021	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	14.3
15/02/2021	O Xistral	MURAS	Lugo	13.3
27/02/2021	Ancares	CERVANTES	Lugo	13.3

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en febreiro de 2021 a unha altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de febreiro de 2021 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornada do 7 e o 22 de febreiro foron especialmente frías en ambas altitudes.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2021				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
07/02/2021	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-8.12
22/02/2021	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-7.41
22/02/2021	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-6.45
07/02/2021	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-5.21
07/02/2021	Ancares	CERVANTES	Lugo	-4.16
07/02/2021	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-4.09
07/02/2021	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-3.99
07/02/2021	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-3.8
07/02/2021	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-3.78
07/02/2021	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-3.72
07/02/2021	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-3.13
05/01/2021	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-7.7

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en febreiro de 2021 a unha altitude maior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de febreiro de 2021				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
22/02/2021	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-4.14
07/02/2021	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-2.73
07/02/2021	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-2.62
07/02/2021	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-2.61
07/02/2021	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-2.55
07/02/2021	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	-2.51
07/02/2021	Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	-2.37
07/02/2021	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-2.34
22/02/2021	Baltar	BALTAR	Ourense	-2.27
07/02/2021	Feiranova-Santaballa	VILALBA	Lugo	-2.1
07/02/2021	Riós	RIÓS	Ourense	-2.09

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en febreiro de 2021 a altitude menor de 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2021.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2021 para esta serie foi 10.7 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2021 para febreiro.

A anomalía media da temperatura para este mes de febreiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +1.88 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. Isto debeuse principalmente á contribución da anomalía de temperatura mínima que foi moi cálida (+3.03 °C), mentres que tendo en conta a temperatura máxima o mes cualifícase como cálido (+0.74 °C). A anomalía deste ano foi inferior a do ano pasado, no que se acadara o valor máximo da serie.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en febreiro, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias estiveron en xeral moi por riba dos valores agardados nun mes de febreiro. Isto é debido a que o mes quedou moi marcado pola continua chegada de borrascas, algunhas delas moi activas, destacando especialmente as chuvias rexistradas nas xornadas do 2 e o 11. Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi de 285 L/m². As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse no oeste de Galicia, pero tamén se notou o forzamento orográfico das serras e zonas montañosas máis destacables de Galicia. Así, nestas rexións acadáronse puntualmente máis de 500 L/m². Os valores máis baixos de precipitación déronse principalmente nas comarcas de Valdeorras, con valores próximos aos 85 L/m² nas localidades menos chuviosas.




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de febreiro de 2021.



6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da Figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de febreiro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 102 % superior ao período de referencia 1981-2010. Destacan o concello de Val do Dubra, a comarca da Baixa Limia e Os Ancares onde se acadaron valores de ata un 400% por riba da precipitación normal nesta época do ano. Porén, nalgunhas localidades da comarca de Terra de Trives acadáronse valores normais para un mes de febreiro.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de febreiro de 2021.



6.2. Días de chuva en febreiro de 2021

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 17.1. Os valores máis altos acadáronse na comarca de Terra de Soneira, onde case se acadaron 23 días de chuva. Pola contra, na Mariña oriental, acadáronse os valores máis baixos, chegando aos 11 días de chuva.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m² durante o mes de febreiro de 2021.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de febreiro. As precipitacións acumuladas neste mes superaron en moitas localidades os 400 L/m², destacando o oeste das provincias de A Coruña e Pontevedra. Así mesmo, destaca a chuvia rexistrada nas xornadas do 17 ao 18, onde se superaron os 80 L/m² en 24 horas nalgunhas localidades.

Precipitacións acumuladas máximas en febreiro de 2021			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	617
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	589
Muralla	LOUSAME	A Coruña	571
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	495
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	473
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	469
Costa	ROIS	A Coruña	457
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	449
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	439
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	433

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de febreiro de 2021.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Louredo	MOS	Pontevedra	117	17/02/2021 9:10
Amiudal	AVIÓN	Ourense	103	17/02/2021 12:40
Atios	PORRIÑO (O)	Pontevedra	103	17/02/2021 10:10
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	100	02/02/2021 3:20
Costa	ROIS	A Coruña	97	02/02/2021 3:40
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	96	17/02/2021 10:00
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	95	11/02/2021 0:10
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	94	17/02/2021 13:10
Cespón	BOIRO	A Coruña	91	10/02/2021 22:00
Vigo-Campus	VIGO	Pontevedra	86	17/02/2021 9:10

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de febreiro de 2021.

6.3. Evolución da precipitación en febreiro de 2021

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2021, para esta serie, foi 264 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2021 para febreiro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de febreiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 139 % superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse moi húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade. Os precedentes, cunhas porcentaxes de similares á de este ano, atopámoslos en 2014 e 2016.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en febreiro, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO





Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Na táboa 9 obsérvase que destaca un período entre os días 18 e 20 onde se superou este limiar, ademais nestas xornadas, repetíronse valores superiores a 100 km/h en moitas das estacións que se mostran na táboa. As porcentaxes de calmas tamén foron baixas así como as frecuencias de velocidades acadaron valores elevados.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en febreiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
20/02/2021	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	157.7
20/02/2021	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	151.1
18/02/2021	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	137.9
20/02/2021	O Xistral	MURAS	Lugo	137.1
20/02/2021	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	134.1
27/02/2021	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	132.9
20/02/2021	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	129.6
20/02/2021	Lira	CARNOTA	A Coruña	127.2
20/02/2021	Sálvora-Pazo	RIBEIRA	A Coruña	125.6
20/02/2021	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	125.4
20/02/2021	Ancares	CERVANTES	Lugo	124.9
20/02/2021	Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	122.6
20/02/2021	Foz	FOZ	Lugo	118.3
20/02/2021	Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	118.0
20/02/2021	Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	117.4
20/02/2021	Xares	VEIGA (A)	Ourense	116.0
20/02/2021	Vigo-Campus	VIGO	Pontevedra	113.2
20/02/2021	San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	111.7
19/02/2021	Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	111.4
20/02/2021	Castrove	POIO	Pontevedra	110.7



Refachos máximos superiores aos 100 km/h en febreiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
20/02/2021	Fragavella	ABADÍN	Lugo	110.7
19/02/2021	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	110.0
20/02/2021	Burela	BURELA	Lugo	110.0
09/02/2021	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	108.4
20/02/2021	Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	105.6
20/02/2021	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	105.2
09/02/2021	Muralla	LOUSAME	A Coruña	104.2
20/02/2021	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	100.8
20/02/2021	Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	100.5
19/02/2021	A Lanzada	GROVE (O)	Pontevedra	100.3

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de febreiro de 2021.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	127.1	S	4		
		Día 20				
Pta. Candieira	Cedeira	132.9	SO	1		
		Día 27				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica	Malpica	99.6	O	4		
		Día 9				
Marco da Curra	Monfero	97.5	SO	2		
		Día 17				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de febreiro de 2021 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	151.1	S	1		
		Día 20				
Campus Lugo	Lugo	76.2	S	35		
		Día 20				
Ancares	Cervantes	124.9	S	6		
		Día 20				

Táboa 11: Resumo vento no mes de febreiro de 2021 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares	A Veiga	116.0	SO	15		
		Día 20				
Rodicio	Maceda	97.5	SO	5		
		Día 20				
Gandarela	Celanova	67.9	S	25		
		Día 20				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de febreiro de 2021 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fomelos	Fomelos de Montes	100.5	S	3		
		Día 20				
Cíes	Vigo	117.4	SO	15		
		Día 20				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de febreiro de 2021 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de febreiro de 2021.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de febreiro 167 raios. Como se pode apreciar a xornada do 9 foi a que rexistrou máis raios en febreiro (Figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en febreiro de 2021.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na Figura 16 a gran maioría detectáronse na provincia de Pontevedra, mentres que na provincia de Ourense se detectaron 12 raios.

nº de raios detectados en febreiro de 2021 por provincias




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en febreiro de 2021.



Na Figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en febreiro en Galicia dende o ano 2010 ao 2021. Pódese observar que este mes de febreiro obtivo a segunda cantidade máis baixa de raios dende que comezou a serie. Destaca ademais 2011, onde se rexistraron o maior número de raios do período de detección.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en febreiro dende 2010 a 2021.

MeteoGalicia

Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 2

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
A Coruña																											
A Gándara	8.8	11.15	15.8	15	6.8	4.0	28	469	70.4	11	433	89	97	75	32	96	737	31	157	20	965	23	0				
Aldea Nova	10.5	13.38	20.1	15	8.2	3.5	7	276	54.8	11	233	85	97	71	34	100	765	15	79	19	981	21	0				
Arzúa	9.4	13.27	19.6	15	5.8	-1.0	7	287	55.0	2	247	87	98	66	33	97	745	9	63	20	972	20	3				
Camariñas	12.3	13.96	16.4	15	10.3	4.8	22	260	57.1	20	214	85	95	74	36	107	809	30	122	20	1013	22	0				
Cariño	13.1	15.33	22.6	15	10.7	5.9	7	229	45.0	11	173	75	89	63	31	90	724	18	92	18	1013	18	0				
Cespón	11.9	15.39	20.8	26	8.7	1.6	7	421	83.8	11	379	86	98	68	33	98	734	11	82	20	1010	20	0				
CIS Ferrol	12.4	15.16	21.4	15	9.8	3.9	22	223	58.7	11	164	76	90	61	37	108	795	16	76	19	1010	20	0				
Corrubedo	12.1	14.84	19.8	26	9.7	4.3	7	252	64.5	11	203	83	94	69	36	107	809	18	94	20	1011	19	0				
Coruña-Dique	12.8	15.2	21.7	15	10.4	5.7	28	135	34.8	11	-	73	87	58	-	-	-	24	91	20	1012	17	0				
Coruña-Torre de Hércul	13.0	15.7	22.6	15	10.5	6.3	22	165	46.3	11	-	71	85	57	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	20	0	
*Costa	11.1	14.21	19.8	15	8.0	1.3	7	457	92.1	2	-	--	--	--	-	-	-	--	--	3	--	20	0				
*Coto Muiño	9.6	13.04	18.4	26	6.5	-1.4	22	495	87.5	20	-	91	99	74	-	-	-	8	84	20	-	23	1				
Fontecada	9.0	11.79	16.7	15	6.5	0.2	22	588	97.8	2	550	86	95	70	29	86	675	19	99	20	971	22	0				
*Guísamo	11.4	14.77	22.0	15	8.7	4.3	7	217	52.6	11	-	77	89	62	-	-	-	7	55	20	993	19	0				
*Lesende	11.2	14.16	19.4	26	8.4	2.0	7	367	66.7	20	329	89	99	72	32	95	737	10	70	20	994	21	0				
Lira	11.3	13.34	19.1	26	9.5	5.8	6	277	47.8	11	235	87	95	76	35	103	773	33	127	20	-	19	0				
Mabegondo	11.2	15.27	21.9	15	7.4	-0.1	28	193	31.1	11	144	85	97	68	40	116	860	12	77	20	1003	19	1				
Malpica	11.3	14.1	20.2	15	8.9	4.6	7	258	55.6	20	211	86	97	70	41	121	843	26	99	9	994	21	0				
Marco da Curra	7.6	10.42	17.4	15	5.1	1.0	7	239	54.1	11	202	87	96	73	31	92	729	27	97	17	938	20	0				
Melide	8.7	13.16	19.9	15	4.9	-1.8	7	252	34.5	2	212	85	95	66	32	95	750	8	63	9	959	20	4				
Muralla	7.8	10.11	15.4	15	5.9	2.4	6	570	125.1	2	549	96	100	86	26	78	611	31	104	9	937	21	0				
*O Val	12.4	15.34	21.5	15	9.5	2.4	22	246	50.9	11	-	79	91	65	-	-	-	6	56	7	1005	21	0				
Olas	9.2	12.57	19.6	15	6.3	1.1	7	254	42.2	2	212	87	98	70	34	101	764	20	98	20	-	21	0				
*Ordes	10.0	13.59	20.2	15	6.3	-1.0	22	266	44.8	2	-	83	93	66	-	-	-	6	58	20	982	21	1				
*Paramos	9.5	12.47	18.2	15	6.8	0.5	22	472	94.8	2	-	95	100	83	-	-	-	12	57	9	971	23	0				
*Pazo de Galegos	11.0	14.4	21.1	15	7.9	-0.1	7	241	41.7	11	198	85	96	69	35	103	780	6	56	20	988	19	1				
Punta Candieira	11.0	13.04	20.3	15	8.9	5.4	9	163	44.5	11	105	80	93	66	36	107	788	43	132	27	982	19	0				
Punta Langosteira	12.9	14.97	21.0	15	10.7	6.8	7	137	25.2	20	-	76	90	64	42	123	841	30	110	19	1011	19	0				
Río do Sol	8.1	10.94	16.9	15	6.0	2.2	7	399	68.1	20	365	90	98	76	32	94	718	28	111	19	804	22	0				
*Rus	11.2	14.88	21.0	15	7.9	0.9	28	303	48.0	20	-	88	98	72	-	-	-	7	57	15	998	22	0				
Sálvora-Pazo	12.6	14.43	18.2	26	10.9	7.1	7	191	33.6	2	136	83	92	71	42	122	876	29	125	20	-	18	0				
Santiago-EOAS	10.3	13.42	20.1	15	7.5	0.4	22	331	56.4	11	289	84	96	68	33	97	723	19	85	17	984	21	0				
Santiago-San Lázaro	10.1	13.08	19.7	15	7.4	0.8	22	245	41.4	11	204	84	94	69	33	98	731	13	84	19	979	21	0				
Sergude	10.5	14.18	21.1	15	7.3	0.0	7	316	64.5	11	-	85	96	68	24	72	582	-	-	-	-	21	1				
Serra da Faladoira	8.1	10.65	18.1	15	5.8	1.8	7	292	64.0	11	253	85	95	73	28	83	693	27	97	20	946	21	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 2

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																												
A Pontenova	10.1	13.27	20.6	15	7.0	1.2	7	171	18.6	25	-	77	92	62	27	81	694	27	81	694	27	129	20	-	18	0		
Abradelo	7.7	11.07	16.5	27	4.9	-1.5	7	271	49.8	18	-	78	91	60	33	94	767	-	-	-	-	-	-	-	17	2		
*Alto do Faro	6.6	9.7	15.1	15	4.0	-1.1	7	315	45.8	20	-	91	99	76	-	-	-	8	54	18	918	18	18	918	20	3		
*Alto do Poio	3.7	6.39	12.6	15	1.6	-3.8	7	421	63.1	9	-	86	95	73	-	-	-	10	65	18	-	18	18	-	20	7		
Ancares	4.0	6.69	13.3	27	1.7	-4.2	7	146	15.8	21	110	83	94	67	26	76	674	29	124	20	861	20	20	861	18	7		
*Borreiros	12.0	15.47	23.1	15	8.5	1.7	7	227	42.2	11	179	77	92	61	29	84	675	7	66	20	1006	20	20	1006	20	0		
Bóveda	9.1	13.56	19.7	15	5.3	-1.6	7	224	31.9	9	179	79	91	58	28	82	723	8	66	20	965	20	20	965	17	1		
Burela	10.1	12.63	19.5	15	7.6	3.3	7	130	20.5	25	73	77	89	63	36	105	769	22	110	20	964	20	20	964	19	0		
Campus Lugo	9.3	13.74	20.2	15	4.9	-0.8	17	214	26.8	18	171	85	99	61	35	103	815	8	76	20	968	20	20	968	19	3		
Castro R. de Lea	9.4	13.05	19.9	15	5.8	-1.5	7	154	22.7	21	-	83	95	64	36	106	819	-	-	-	965	20	20	965	18	2		
Conchada	8.2	12.04	18.2	27	5.2	-0.9	7	212	38.7	9	-	87	96	70	28	84	724	-	-	-	-	20	20	-	17	1		
Corno do Boi	6.8	9.83	16.5	15	4.4	0.3	6	327	56.8	2	292	88	97	73	30	89	730	18	89	20	-	20	20	-	20	0		
Cospeito	9.1	12.79	20.1	15	5.2	-1.0	7	165	26.8	11	128	88	98	68	28	82	714	11	81	9	-	19	19	-	19	3		
Courel	7.3	10.81	17.3	27	4.2	-2.4	7	266	44.8	9	226	83	95	63	24	71	664	11	105	20	926	20	20	926	19	3		
Feiranova-Santaballa	8.5	12.23	19.2	15	4.7	-2.1	7	223	41.5	11	188	89	99	72	28	84	716	10	63	20	-	20	20	-	20	3		
Fontaneira	6.0	9.14	15.5	15	3.5	-1.3	7	272	49.5	18	237	86	94	71	27	80	668	22	108	9	902	20	20	902	18	3		
Foz	11.9	14.97	21.9	15	8.6	2.5	7	127	28.1	5	60	73	86	59	35	103	768	20	118	20	1006	20	20	1006	15	0		
Fragavella	8.1	10.47	17.2	15	5.5	-0.6	6	285	46.1	5	242	84	94	70	30	89	698	27	110	20	944	20	20	944	21	3		
Guitiriz-Mirador	7.4	10.39	17.9	15	4.9	0.7	7	248	31.4	11	204	75	95	52	22	65	612	14	68	20	935	20	20	935	20	0		
*Labrada	7.4	9.85	15.9	15	4.9	-0.8	7	365	60.8	11	331	86	96	73	23	68	590	16	81	20	-	21	21	-	21	1		
*Lanzós	8.5	12.02	18.6	15	4.5	-1.4	7	204	39.3	11	-	86	96	70	-	-	-	5	42	28	959	20	20	959	20	4		
*Lourenzá	11.8	15.4	21.6	15	7.8	0.9	28	179	21.8	11	-	75	90	60	-	-	-	9	75	20	-	15	15	-	15	0		
Marroxo	8.6	11.9	17.3	15	5.8	0.4	22	216	29.8	9	177	84	95	68	26	78	666	13	72	18	941	18	18	941	18	0		
*Míllara	9.6	13.75	19.8	15	6.0	0.3	7	286	41.2	9	-	85	98	65	-	-	-	9	84	20	-	18	18	-	18	0		
Monforte	10.1	14.98	21.2	15	5.7	-1.1	7	214	31.9	9	177	88	100	65	25	75	696	5	57	20	-	18	18	-	18	1		
*Morelle	9.3	13.83	20.0	15	4.9	-1.6	7	203	30.4	18	165	86	98	64	24	71	683	6	50	19	966	17	17	966	17	2		
O Cebreiro	3.6	6.85	14.5	27	1.2	-3.8	7	324	50.8	2	279	91	98	78	23	71	665	13	70	1	867	18	18	867	18	7		
O Xipro	7.3	10.77	16.9	15	4.4	-0.8	7	192	27.8	18	147	84	94	67	32	95	786	19	97	20	923	18	18	923	18	1		
O Xistral	5.0	7.23	13.3	15	2.9	-0.7	7	383	77.5	11	366	96	100	89	22	64	615	49	137	20	-	24	24	-	24	2		
*Olveda	7.5	11.74	17.9	15	4.1	-2.0	22	263	42.3	18	225	87	96	69	31	92	771	5	47	9	-	20	20	-	20	2		
Pedro Murias	12.9	16.09	21.9	24	9.5	5.0	28	145	33.3	5	81	70	86	56	33	96	720	15	80	20	1009	17	17	1009	17	0		
Penedo do Galo	8.5	10.95	18.3	15	6.4	2.4	7	211	34.6	11	163	83	95	70	29	83	688	41	151	20	-	20	20	-	20	0		
Pol	8.1	11.12	18.6	15	5.3	0.3	7	177	23.4	18	-	81	94	65	34	100	788	-	-	-	939	18	18	939	18	0		
Portomarín	9.2	13.06	19.4	15	5.6	-0.4	7	242	30.6	20	-	85	97	67	31	85	768	-	-	-	965	17	17	965	17	1		
Riotorto	10.8	13.98	21.2	15	7.3	1.3	28	196	31.7	11	152	85	97	69	33	96	764	12	83	20	-	18	18	-	18	0		
Sambreixo	8.6	12.45	19.8	15	4.9	-2.3	7	235	32.2	11	-	85	96	68	30	90	730	-	-	-	-	19	19	-	19	4		
*San Clodio	10.1	14.68	20.1	15	6.2	0.5	7	194	36.0	9	-	86	99	63	-	-	-	3	50	20	986	17	17	986	17	0		
*San Fiz	9.6	13.45	19.2	15	6.2	0.1	7	263	39.7	18	219	83	95	66	30	89	757	8	74	20	969	18	18	969	18	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 2

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva		Xeada	
Santa Cruz	11.9	15.5	22.0	15	7.6	-1.0	22	213	31.3	5	163	76	93	58	32	93	726	8	72	20	-	19	1		
Serra Vacaloura	6.8	10.55	16.6	15	4.0	-0.3	7	232	30.0	18	203	95	99	82	34	102	789	25	92	18	-	19	2		
Ventosa	7.1	10.72	18.5	15	3.6	-2.5	7	192	31.1	18	145	78	91	61	30	90	730	18	100	20	910	17	4		
*Vilamor	11.9	15.09	21.6	15	8.3	-0.1	7	209	27.8	5	154	78	92	61	29	82	705	11	76	20	-	17	-		
*Xabrega	10.4	14.39	19.7	15	6.6	1.0	7	314	56.0	9	270	81	94	62	27	79	708	7	71	20	978	18	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 2

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada		
Ourense																										
A Mezquita	5.6	8.88	16.5	27	2.6	-3.7	7	273	49.6	9	239	86	96	71	28	83	692	12	73	18	900	19	5			
*A Portela	9.7	14.48	21.0	27	5.7	0.0	7	181	35.6	9	138	80	97	57	26	79	702	6	57	20	-	16	1			
*A Trabe	7.3	10.73	17.5	27	4.4	-1.4	7	233	49.8	9	210	88	95	77	19	47	548	4	53	20	925	18	1			
Alto do Rodicio	6.0	8.84	14.3	27	3.4	-2.1	7	296	39.3	2	264	90	97	76	31	92	727	20	97	20	903	18	4			
Amiudal	8.5	12.31	19.3	15	5.7	-0.1	7	406	61.1	9	368	89	99	70	30	90	763	15	93	19	951	21	1			
As Petarelas	8.4	13.02	20.3	27	4.5	-1.1	7	163	32.2	9	-	84	98	62	29	88	727	-	-	-	-	17	2			
Baltar	7.3	11.26	16.5	27	2.9	-2.3	22	264	48.0	20	226	87	99	68	35	100	830	11	72	20	923	17	6			
Cabeza de Manzaneda	1.1	3.16	9.2	28	-1.0	-8.1	7	214	28.1	2	176	94	99	81	27	82	698	35	125	20	820	20	17			
*Calvos	6.4	10.23	16.9	27	2.2	-4.1	22	289	44.6	9	256	90	99	73	30	89	734	12	61	9	-	20	8			
Casaio	5.2	8.13	14.3	15	2.6	-5.2	7	159	31.3	9	-	70	88	46	-	-	-	11	90	18	-	16	8			
*Corzos	4.9	8.42	15.0	27	2.1	-4.0	7	219	35.3	20	-	83	92	68	-	-	-	13	77	20	-	20	5			
Entrimo	7.9	11.4	20.6	27	5.0	-0.8	7	384	66.2	9	-	91	99	78	25	75	654	-	-	-	-	20	1			
*EVEGA Leiro	10.3	16.33	23.7	15	5.4	-1.0	7	241	36.4	9	-	86	96	60	-	-	-	2	39	2	1004	19	1			
Gandarela	8.8	12.62	18.7	15	5.7	0.7	7	245	36.2	9	199	85	95	71	-	-	-	9	67	20	941	19	0			
Lardeira	2.5	5.3	11.7	27	0.1	-6.4	22	131	30.9	9	100	85	95	67	27	81	675	35	137	18	835	17	11			
*Larouco	9.2	13.29	19.3	27	5.5	-0.4	7	127	25.9	9	-	76	90	57	-	-	-	5	53	3	955	16	1			
Laza	8.2	12.43	19.3	27	4.4	-1.2	7	217	44.4	20	181	87	99	66	28	84	696	6	68	9	-	19	2			
Monte Medo	8.5	12.06	18.0	27	5.3	-0.6	22	236	30.3	9	-	83	94	65	28	84	685	-	-	-	-	16	2			
O Invernadeiro	5.2	8.74	16.3	27	1.9	-4.1	7	378	67.5	9	351	90	99	74	23	69	602	10	80	9	899	19	6			
Ourense	10.6	16.05	21.7	14	6.3	0.3	7	214	29.6	9	-	79	95	55	-	-	-	-	-	-	-	16	0			
Ourense-Estacións	11.2	16.19	21.8	15	7.0	1.7	7	209	33.1	9	168	79	94	56	29	86	710	3	47	18	1001	16	0			
*Pazo de Fontefiz	9.6	13.4	18.7	14	6.3	0.0	7	329	49.3	9	291	82	92	66	28	84	657	5	49	20	967	20	1			
*Ponte Boga	9.9	13.91	19.5	14	6.2	-0.8	7	199	34.5	9	152	80	96	59	33	97	796	6	73	20	961	16	1			
*Prado	10.6	15.87	23.2	15	6.3	1.3	7	216	31.1	9	-	86	97	63	-	-	-	3	38	19	1000	15	0			
Remuíño	10.2	15.95	23.4	15	5.9	0.3	7	279	46.0	9	243	88	98	62	25	74	670	5	54	9	-	20	0			
*Riós	7.0	10.27	16.8	27	4.1	-2.1	7	254	40.8	9	221	89	98	74	28	83	691	6	52	20	-	19	2			
San Xoán de Río	5.8	9.49	16.1	27	3.0	-2.7	7	202	30.5	9	166	86	96	69	32	95	769	15	71	9	898	18	6			
Serra do Eixe	4.9	7.81	13.1	27	2.6	-3.1	7	190	27.4	8	161	90	97	76	25	77	639	25	105	20	877	17	7			
Verín-Vilamaior	8.9	12.87	19.5	27	5.3	-0.6	7	181	25.0	9	141	83	95	65	30	89	722	8	72	20	953	18	1			
Verín-Vilela	8.5	14.1	20.8	27	3.5	-2.7	7	193	30.1	9	157	87	99	63	30	89	722	5	50	20	-	19	7			
Viana do Bolo	7.2	10.81	17.9	27	3.8	-2.5	7	190	29.4	9	151	82	94	67	26	79	696	14	85	20	918	17	3			
Xares	1.3	3.69	11.8	27	-1.0	-7.4	22	173	33.3	9	76	88	97	72	33	84	792	35	116	20	822	20	18			
Xinzo	8.1	12.05	18.2	27	4.3	-2.6	7	182	28.4	20	145	90	98	70	30	89	764	13	77	20	943	18	4			
Xurés	6.0	8.86	16.2	27	3.2	-1.8	7	369	63.4	9	--	86	97	73	35	104	824	--	--	-	895	21	5			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 2

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Pontevedra																												
*A Armenteira	10.0	13.21	19.4	26	7.0	0.6	7	272	38.8	7	197	87	97	72	29	81	680	10	69	20	-	-	-	-	19	0		
A Lanzada	12.1	15.06	19.9	27	8.9	1.1	7	214	37.0	2	167	86	96	72	39	115	804	25	100	20	-	-	-	-	19	0		
*Areas	12.1	15.81	22.6	15	8.7	1.3	7	361	56.2	2	325	92	100	75	30	88	717	3	53	20	-	-	-	-	21	0		
*As Eiras	12.1	15.54	21.9	15	8.6	0.5	7	283	39.6	2	238	84	96	66	34	101	758	7	65	20	1010	-	-	-	18	0		
Atios	11.8	16.06	22.6	15	7.6	0.1	7	375	51.6	18	338	90	100	69	31	93	731	7	63	18	-	-	-	-	19	0		
Baiona	13.1	15.77	22.2	15	10.1	3.3	7	269	53.0	2	211	79	94	61	42	123	869	12	82	20	-	-	-	-	15	0		
*Barrantes	11.9	15.22	21.4	15	8.3	-0.2	7	227	39.5	2	136	83	95	67	34	93	740	9	64	20	-	-	-	-	18	1		
Cabo Udra	12.5	15.14	20.7	15	9.9	4.4	7	184	36.8	2	133	84	95	70	38	111	813	27	118	20	-	-	-	-	17	0		
Caldas de Reis	10.5	13.7	19.8	15	7.8	2.2	7	309	52.8	11	269	84	96	69	28	85	701	10	77	20	982	-	-	-	20	0		
*Camanzo	11.2	14.82	21.6	15	7.6	-0.2	7	233	27.7	2	182	80	93	64	35	104	818	9	75	19	990	-	-	-	20	1		
Cangas-Porto	12.9	15.25	21.0	15	10.3	4.3	7	193	36.9	2	-	76	88	61	-	-	-	15	94	20	-	-	-	-	17	0		
Castro Vicaludo	9.4	11.9	17.8	15	7.3	3.2	7	290	47.2	2	210	93	100	81	32	92	761	26	134	20	960	-	-	-	22	0		
*Cequeliños	10.9	15.18	22.0	15	7.2	0.2	7	305	47.3	2	--	--	--	--	35	86	833	11	70	20	-	-	-	-	19	0		
Corón	12.6	15.05	20.4	15	10.0	3.6	7	266	49.4	2	212	79	91	64	36	107	776	20	86	20	1013	-	-	-	19	0		
*Entenza	11.6	15.73	22.6	15	8.1	0.3	7	301	48.0	2	260	85	97	66	30	91	743	3	68	20	-	-	-	-	19	0		
Forcarei	7.8	10.94	17.5	15	5.1	-0.2	7	448	77.3	2	418	93	100	78	30	90	721	23	93	20	-	-	-	-	21	1		
Fornelos de Montes	8.1	10.69	17.7	27	5.8	0.9	7	617	106.0	2	583	88	98	75	27	81	660	25	100	20	933	-	-	-	22	0		
Gargamala	11.1	14.91	21.5	15	7.9	1.2	7	406	57.3	2	288	86	99	65	36	99	804	6	62	20	-	-	-	-	20	0		
Illas Cíes	12.6	14.81	20.1	15	10.4	5.3	7	187	48.5	2	135	83	94	69	40	119	849	22	117	20	-	-	-	-	16	0		
Lalín	8.3	12.03	17.4	15	5.3	-0.8	7	303	66.8	20	-	88	99	68	-	-	-	12	70	20	-	-	-	-	20	2		
*Louredo	10.6	13.8	19.8	15	7.9	2.1	7	378	72.0	20	-	92	99	77	-	-	-	3	30	8	986	-	-	-	18	0		
Lourizán	12.0	15.69	22.2	15	8.5	0.9	7	258	41.5	2	219	86	98	67	31	91	728	4	54	9	1009	-	-	-	19	0		
*Meder	11.9	15.64	22.0	15	8.4	0.9	7	265	38.4	20	-	77	89	60	-	-	-	4	54	8	998	-	-	-	18	0		
Monte Aloia	9.0	12.36	19.0	28	6.6	1.3	7	416	57.4	2	388	93	100	78	23	69	596	12	77	9	959	-	-	-	20	0		
Mouriscade	8.7	12.62	18.7	15	4.6	-2.6	7	265	54.5	20	220	83	96	65	35	104	827	11	74	20	955	-	-	-	19	3		
O Viso	10.4	14.81	22.6	27	7.4	1.1	7	397	68.9	2	358	85	94	68	26	77	652	11	84	20	983	-	-	-	21	0		
Ons	11.8	14.06	18.3	15	9.5	4.9	22	216	43.5	2	170	88	98	75	45	103	903	29	130	20	1001	-	-	-	19	0		
*Pé Redondo	11.6	14.74	21.2	15	8.5	1.0	7	261	50.0	2	--	--	--	--	--	--	732	--	--	2	-	-	-	-	21	0		
*Ponte Caldelas	10.3	13.33	20.0	15	7.1	-0.3	7	409	72.8	2	364	82	93	67	33	98	732	10	77	20	973	-	-	-	20	1		
Pontevedra-Campolongo	12.6	16.85	23.3	26	8.8	1.7	7	249	36.3	2	-	80	97	59	-	-	-	4	57	9	-	-	-	-	19	0		
Rebordelo	9.8	13.58	20.4	26	5.9	-1.8	7	432	66.1	2	-	91	100	74	31	93	698	-	-	-	973	-	-	-	21	3		
San Nomedio	8.5	11.17	17.7	15	6.3	0.8	7	308	45.6	11	159	88	98	73	31	77	762	23	111	20	-	-	-	-	20	0		
Sanxenxo	12.6	15.33	20.6	15	9.7	4.2	7	219	40.5	2	174	82	96	68	36	107	776	8	74	20	1011	-	-	-	18	0		
Serra do Faro	5.7	8.41	13.9	27	3.3	-1.4	7	438	66.9	20	388	91	99	77	26	79	646	27	96	9	901	-	-	-	23	3		
*Simes	11.9	15.2	21.4	15	8.6	2.2	7	216	36.7	2	-	--	--	--	38	96	859	-	-	-	-	-	-	-	20	0		
*Soutomaior	11.5	15.02	21.8	15	8.3	2.0	7	337	60.7	2	-	85	98	66	-	-	-	3	40	20	996	-	-	-	20	0		
*Torrequeintás	12.4	15.59	21.7	15	9.1	0.9	7	208	31.0	2	160	85	96	70	36	106	805	10	82	20	1006	-	-	-	19	0		
*Tremoedo	11.9	15.08	20.9	15	8.7	1.2	7	245	37.6	2	-	80	93	64	-	-	-	6	60	20	1007	-	-	-	20	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 2


Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Vigo	12.3	15.51	21.8	15	9.4	3.2	7	263	44.3	2	-	78	91	61	-	-	-	-	-	-	-	20	0			
Vigo-Campus	10.0	12.37	18.4	15	7.9	3.9	7	337	45.0	17	292	85	96	70	35	80	808	15	113	20	961	20	0			
Xesteiras	7.4	9.74	15.8	15	5.3	1.2	7	428	95.2	11	-	93	99	82	-	-	-	--	--	-	-	21	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.


--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



TEMPERATURA MÍNIMA DIARIA FEBREIRO 2021



TEMPERATURA MÁXIMA DIARIA FEBREIRO 2021



CHUVIA DIARIA FEBREIRO 2021



REFACHO MÁXIMO DIARIO FEBREIRO 2021

